

NELLY SACHS

Leonie Sachs naceu en Berlín en 1891 no seo dunha familia de industriais xudeus. Cando cumpriu quince anos agasallárona co libro *“La saga de Gösta Berling”* escrito pola Premio Nobel de Literatura Selma Lagerlöf. A súa lectura impactoulle tanto a Nelly que lle escribiu a Selma, coa que iniciou un importante vínculo. A ela adicariálle a súa primeira obra, *“Leyendas y relatos”*.

Varios familiares e amigos de Nelly morreron vítimas da persecución antisemita. Ela e mais a súa nai salváronse da masacre nazi grazas á intercesión de Selma, que xestionou o salvoconduto que lles permitiu, en maio de 1940, instalarse en Suecia. Alí, Nelly aprendeu o idioma e sobreviviu traducindo ao alemán a obra de importantes poetas suecos.

Marcada para sempre polo Holocausto, retomou a súa propia obra poética, escribindo sobre o trágico destino dos seus. *“En las moradas de la muerte”* foi a súa primeira obra no exilio, unha obra dedicada aos seus irmáns e ás súas irmás desaparecidos nos campos de exterminio nazis. O seus poemarios *“Eclipse estelar”* e *“Y nadie sabe más”* tratan o tema da persecución e foron recollidos no volume *“Más allá del polvo”*.

En 1960 volveu a Alemaña para recibir o Premio Droste e o impacto emocional da viaxe provocoulle unha grave crisis nerviosa, acrecentada polo aumento do antisemitismo en Suecia. Pasou longas tempadas nunha clínica psiquiátrica, onde escribiu *“Viaje a la transparencia”* e *“Aún celebra la muerte la vida”*.

En 1966 recibiu o Premio Nobel de Literatura pola súa destacada escritura lírica e dramática, que interpreta o destino de Israel cunha forza conmovedora.

Catro anos despois de recibir o Nobel finaba en Estocolmo.

Sandra Fernández Alonso

4º ESO B